


DIARIO DE SESIÓNS



PARLAMENTO DE GALICIA

---

---

III Lexislatura

**Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez**

**Sesión plenaria núm. 84**

**Celebrada o mércores, 9 de outubro de 1991**

**ORDE DO DÍA (Continuación)**

**6. Mocións (Continuación)**

—Do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación polo Goberno galego ante o Parlamento dun Plan de integración de minusválidos. (Pub. no BOPG núm. 184; interpelación núm. 145).

—Do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a presentación polo Goberno galego do Proxecto de lei de residuos sólidos urbanos de Galicia antes do debate dos presupostos para 1992. (Pub. no BOPG núm. 184; interpelación núm. 88).

A señora García Negro formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro de Industria e Comercio (Fernández García). Novas intervencións da señora García Negro e do señor Conselleiro de Industria e Comercio (Fernández García).

-De D. Camilo Nogueira Román, do G.P. Mixto, sobre o impulso do uso do galego..... páx. 6.439

O señor Nogueira Román formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro da Presidencia e Administración Pública (Rodríguez Rodríguez). Novas intervencións destes dous oradores.

-De D. Ramón Félix Blanco Gómez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as causas da paralización pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da concentración parcelaria en dez pobos do Concello de Trasmiras (Ourense)..... páx. 6.442

O señor Blanco Gómez formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes (Romay Beccaría). Novas intervencións destes dous oradores.

-De D. Segundo Durán Casais, do G.P. Popular de Galicia, sobre o cumprimento da Proposición non de Lei, aprobada pola Comisión 2.ª, referente á urxente reconstrucción da ponte de Brandomil (concello de Zas)..... páx. 6.445

O señor Durán Casais formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (Cuiña Crespo). Novas intervencións destes dous oradores.

-De D. Fernando González Suárez, do G.P. Popular de Galicia, sobre o anuncio da Universidade de Santiago de convocatoria dun concurso público de méritos para a provisión de cinco prazas de profesores non universitarios para desenvolveren actividades de investigación e docencia no ICE..... páx. 6.447

O señor González Suárez formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria (Piñeiro Permy).

-De D. Roberto Castro García, do G.P. Popular de Galicia, sobre o custo global do centro de saúde de San Xoán de Río (Ourense) e previsións da Consellería de Sanidade respecto da súa posta en funcionamento..... páx. 6.449

O señor Castro García formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro de Sanidade (Monteiro Gómez).

Nova intervención do señor Castro García (G.P. Popular).

-De D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o concurso público anunciado pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para execución das obras de construción da Escola Oficial Náutico -Pesqueira de Ribeira.....páx. 6.450

O señor Ventoso Mariño formula a súa pregunta. Respóndalle o señor Conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno (Vázquez Portomeñe). Novas intervencións destes dous oradores.

O señor presidente levanta a sesión.

Levántase a sesión.

Eran as dúas e trinta e cinco minutos da tarde.

Polo tanto, señor conselleiro, esa é a preocupación dos veciños, e esta é a miña preocupación, que a traslado aquí creo que con toda a cortesía e con todo respecto para que se resolvan os problemas axeitadamente, e se lles dea satisfacción ós veciños e se lles tranquilice de que as concentracións parcelarias se fan correctamente e non van dañar para nada os intereses dos cidadáns.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (Romay Becarías): Gracias, señor presidente.

Señor Blanco, creo que de verdade pode vostede tranquilizar os veciños, non polo que diga hoxe eu aquí, senón polo que estamos a facer. Porque as medidas para garantir a defensa dos intereses públicos nesa concentración tomounas espontaneamente a propia Consellería, foron os nosos traballos de control e de revisión e de supervisión das obras os que nos levaron a esta discrepancia coa empresa constructora, e a estas medidas que estamos a tomar; non foi ningunha denuncia da oposición. Polo tanto, poden estar tranquilos os veciños en canto a que, pola nosa banda, se pón a debida dilixencia na defensa dos seus intereses e dos intereses xerais.

Polo demais, teño que dicir que, de verdade, que non sei máis do que acabo de dicir, non crea vostede que estou ocultando nada. Explíqueille as cousas como son. Agora mesmo, neste momento do procedemento, non se pode dicir se vai ser esa empresa constructora a que vai seguir os traballos ou non; iso está aínda sen decidir, non está tomada a medida administrativa definitiva e última sobre iso, porque o procedemento conseguinte non está rematado. Polo tanto non se poden aventurar hipóteses sobre iso.

Naturalmente, se do conxunto de todos estes traballos e de todas estas actuacións se derivase algunha responsabilidade dos técnicos intervintes, naturalmente que esas responsabilidades serían depuradas e sería obxecto da tramitación axeitada dentro dos procedementos en curso para iso. Non hai, pola nosa banda, ningún propósito de encubrir ningunha actuación presuntamente irregular nin de abdicar do noso propósito de defender os intereses xerais na mellor calidade da concentración parcelaria. A mellor proba está en que neste caso foron espontaneamente os servizos de inspección e de control da propia Consellería os que detectaron aquí estas irregularidades. O noso maior empeño é tamén que iso non perturbe o rápido desenvolvemento do proceso de concentración no que estamos empeñados, para acadar eses niveis de concentración parcelaria anual que tanto necesita Galicia para ver rematado este proceso tan necesario na nosa terra e no que aínda queda tanto por facer.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas gracias, señor conselleiro.

-DE D. SEGUNDO MANUEL DURAN CASAIS, DO G.P. POPULAR DE GALICIA, SOBRE O CUMPRIMENTO DA PROPOSICION NON DE LEI APROBADA POLA COMISION 2a., REFERENTE A URXENTE CONSTRUCCION DA PONTE BRANDOMIL DO CONCELLO DE ZAS.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Ten a palabra o señor Durán Casais.

O señor DURAN CASAIS: Señor presidente, señorías, señor conselleiro.

A situación na que se atopa a ponte de Brandomil no Concello de

Zás é o que me obriga a facer esta pregunta, xa que a devandita ponte foi derruida polos fortes temporais de decembro do ano 1979. Xuntamente co deputado daquel entón, señor Varela Rey, hoxe alcalde de Carballo, presentamos unha proposición non de lei que estudiou a Comisión 2a., e aprobouna e a súa aprobación foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento, número 129.

Posteriormente, e conxuntamente con outras pontes de Galicia, foi declarada de interese histórico e, polo tanto, monumento de interese galego, o cal confirma a nosa tese da importancia histórica que esta ponte ten para Galicia.

Por conseguinte, señor conselleiro, entendemos que é urxente a reparación desta ponte que perdeu nun principio unha das súas arcadas, precisamente a central, e se non se realiza a obra coa urxencia precisa corrémolo risco de que en calquera momento poida desaparecer unha nova arcada, e entón, sería practicamente imposible a reconstrución do mesmo.

A pregunta vai no sentido seguinte.

¿En que situación se atopa o acordo acadado na devandita Comisión? E ípénsase proceder a restaurar--la importante obra histórica?

Espero a resposta, e confío e desexo que sexa positiva para o ben de Galicia, dos veciños daquela bisbarra, e do Concello de Zás en particular.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor Durán Casais.

Ten a palabra o señor conselleiro de Ordenación do Territorio.

O señor CONSELLEIRO DE ORDENACION DO TERRITORIO E OBRAS PUBLICAS

(Cufiña Crespo): Señor presidente, señorías, señor Durán Casais.

Eu agradézolle a vostede a súa sensibilidade e a súa preocupación pola preservación do que é o noso patrimonio histórico--arquitectónico. Polo tanto ese é un comportamento que debemos ter tódolos galegos, máis aínda os deputados que témo--la representación directa do pobo galego.

Eu si lle podo dicir que a ponte de Brandomil sobre o río allas, é unha ponte histórica como vostede dixo, unha das máis fermosas de Galicia, incluída no catálogo das 50 pontes históricas que elaborou a Dirección Xeral do Patrimonio.

Efectivamente, creo que foi no ano 1979 cando sufriu a desaparición dunha das súas arcadas. Neste momento, para a súa satisfacción, podo anunciarlle que o proxecto foi redactado e ultimado polo propio concello de Zás, ten un importe de 33.320.000 pesetas. Efectivamente, en virtude dunha resolución parlamentaria da Comisión 2a. deste Parlamento, decidiuse restaurar esta ponte. A resposta concreta é que no primeiro semestre do vindeiro ano 1992 será contratada para a súa execución.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Durán Casais para replicar.

O señor DURAN CASAIS: Si, señor presidente, señor conselleiro, moitas grazas pola súa contestación positiva. Seguro que os veciños de Zás e da bisbarra de Carballo e os galegos en xeral, lle van agradecer a vostede e á Xunta de Galicia que non se perda unha ponte desa categoría que, como vostede ben dixo, está dentro do catálogo dos munu-

mentos históricos de Galicia.

Moitas gracias.

-DE D. FERNANDO GONZALEZ SUAREZ, DO G.P. POPULAR DE GALICIA, SOBRE O ANUNCIO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE CONVOCATORIA DUN CURSO PUBLICO DE MERITOS PARA A PROVISION DE CINCO PRAZAS DE PROFESORES NON UNIVERSITARIOS PARA DESENVOLVER ACTIVIDADES DE INVESTIGACION E DOCENCIA NO ICE.

O señor PRESIDENTE (García Leira): Ten a palabra o señor González Suárez.

O señor GONZALEZ SUAREZ: Señor presidente, señorías, señor conselleiro, eu non veño aquí a suscitarlos risos dos señores da oposición, porque crean que porque se lle faga unha pregunta a un señor conselleiro do mesmo grupo de quen a está neste momento formulando, non sexa lexítima e incluso importante.

Señor conselleiro, señorías, publicaba un xornal galego en certa ocasión unha enquisa feita a 700 persoas de máis de 18 anos, ós que se lles formulaba a seguinte pregunta: ¿Cal é a profesión máis considerada socialmente? As profesións que obtiñan mellor resposta eran as de médico, avogado, enxeñeiro, arquitecto, artista; os profesores nin aparecíamos.

Por outra parte, o actual ministro de Educación dixo en recentes declaracións que o seu departamento ía elava--lo prestixio social dos profesores. Difícil tarefa poder elevar algo que polo visto non existe.

Dado que unha das profesións máis consideradas é a de médico, quizais, se puidese incrementa--la consideración social dos profesores se se empezase por esixir que nos

chamasen tamén doctores, incluso ós licenciados, como ocorre cos médicos.

Deberíamos combati--lo entrusismo mandando os deberes dos alumnos en papel timbrado, que se comprara no colexio profesional, ou montar consulta privada na que resolveramos os problemas, as dúbidas e os exercicios dos alumnos e polo que teríamos que cotizar a Facenda e tamén comenzaríamos por manter en suspenso o funcionamento dos consellos escolares, constituídos por profesores e por non profesores (país, alumnos, persoal non docente) ata que non se constituían os xa creados consellos da saúde, nos que, ademais dos profesionais, participen enfermos, país de enfermos, representantes municipais etc.

Señor conselleiro, vostede sabe moi ben, pola súa formación lingüística, que as verbas teñen significados contradictorios ou, incluso, polo seu uso cambian de sentido. Para un lisboeta unha bodega é unha "porquería", un xantar é a "cea", a salsa é o "perixel", o embutido é o "mostrador" e borrar é "manchar". Se lemos nunha estrada "disculpen as molestias", para un portugués molestia é "doenza". E cando lle ofrezan uns libros en Coimbra, xa sabe que ofrecer é "agasallar". E non se lle ocorra chamarlle a unha mociña no Brasil "rapariga" porque alí esa verba quere dicir "prostituta".

Entón, eu pregúntome que significa que a Universidade de Santiago poña un anuncio que diga: "Convócanse cinco prazas de profesores non universitarios para desenvolver actividades de investigación e docencia no ICE". E dicir, a Universidade de Santiago, a "alma mater" que nos pariu universitarios, a que nos formou como licenciados ou doutores universitarios, agora négano--la condición de universitarios.

A ver se se decatan de que os que non son universitarios son os alumnos de EXB, BUP ou de Formación Profesional. Os profesores destes